



Multitudinario y emotivo Homenaje a Evaristo Puentes Durán, Pontes del Año 2005

Discurso del Presidente de AMIGOS de As Pontes

Celebramos esta noite unha cea para render unha merecida homenaxe a D. Evaristo Puentes Durán, veciño noso dende hai moitos anos é persoa moi apreciada polo pobo de As Pontes.

Evaristo é un home que adicou gran parte de a súa vida ó mundo do deporte, co seu saber facer e o seu entusiasmo foi unha das persoas que fixeron posible o extraordinario desenrolo do deporte de competición que aconteceu neste pobo, nos anos 60.

Foi futbolista, socorrista de natación, encargado do material e das instalacións deportivas, pero foi ademais, esencialmente, unha persoa muy próxima e de confianza para moitos deportistas, nos adestramentos e durante as competicións, aplicando masaxes, e sendo quen de trata-las lesions que se producen nos partidos de futbol e noutras actividades deportivas.

Pero Evaristo no só foi o alivio das dores dos deportistas, valéndose das suas mans e da "Auga milagreira" é tamén, para moitos de nós, o remedio que en calquera intre necesitamos.

Ainda hoxe, sen mirar reloxo nin almanaque, abre as súas portas ás nosas dores e, logo dalgúns minutos de unguentos e habilidades, fainos saír brincando e con ganas de foguetes.

Por todo elo, Evaristo, dámosche as gracias e agardamos que continúes moitos anos co teu benfacer.

